

PROXECTO LINGÜÍSTICO
IES ENRIQUE MURUAIS



2020 - 2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA.....	3
3. RELACIÓN DE MATERIAS OFERTADAS NO CENTRO E LINGUA NA QUE SE IMPARTEN.....	4
4. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO ESCOLAR E EDUCATIVO.....	8
5. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	10
6. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	11

1. INTRODUCCIÓN

En virtude do disposto no artigo 14, punto 1 do Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo, na Comisión de Coordinación Pedagóxica celebrada o 26 de xaneiro de 2012, creouse unha comisión integrada polos xefes de departamento das diferentes linguas que se imparten no instituto: galego, castelán, inglés e francés. Tamén interviu a coordinadora do EDL naqueles momentos. Encargóuselles a redacción do proxecto lingüístico de centro, cuxa estrutura segue vixente a día de hoxe e que, ano a ano, fóronselle incorporando as correspondentes addendas.

A Orde do 10 de febreiro de 2014 desenrolou o decreto arriba indicado con respecto ao plurilingüismo a niveles non universitarios. Non influíu en nada no noso Proxecto Lingüístico, nin nos puntos nos que o desglosamos.

Tendo en conta o decreto mencionado, faremos referencia a cada un dos apartados demandados: as linguas que se deben empregar nas diferentes materias, as medidas de apoio e reforzo adaptadas para acadar o obxectivo xeral establecido na Lei de Normalización Lingüística (en adiante LNL) e na Lei Orgánica de Mellora da Lei Orgánica de Educación (en adiante LOMLOE) con respecto ao fomento do plurilingüismo, a lingua predominante, as medidas adoptadas para aqueles alumnos/as con insuficiente dominio das linguas e as actividades a organizar para a dinamización da lingua.

Actualmente temos organizado todos os niveles tanto de ESO como de Bacharelato cun 50% en castelán e outro en galego, na medida do posible, agás as linguas estranxeiras.

Tamén indicar que se están a impartir dúas seccións bilingües en inglés na materia de Matemáticas en 2º e 3º ESO. O alumnado pode optar por cursalas en inglés ou en castelán, que é a lingua que impón o decreto para as Matemáticas en toda a ESO.

Teranse en conta os obxectivos que a planificación debe garantir: a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en linguas estranxeiras.

2. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

O IES Enrique Muruais está nun contorno galegófono. A lingua galega é de uso maioritario no contexto sociolingüístico do centro, no profesorado, no alumnado e na ambientalidade lingüística do centro.

A Pontenova e os concellos limítrofes como Riotorto ou A Fonsagrada, pertencen ao hábitat rural onde a presenza do galego é de uso maioritario.

A situación administrativa da Pontenova, que linda con Asturias, fai que nalgúns casos e de forma excepcional, poida haber alumnado que empregue o castelán. Tendo en conta que no occidente de Asturias tamén se

fala o galego, nunca se dá un problema de comunicación lingüística. Na actualidade, no IES Enrique Muruais hai alumnado procedente dos seguintes países estranxeiros: Marrocos, Romanía, China, Paraguai e Brasil. A integración na nosa sociedade prodúcese en galego por ser a lingua vehicular entre os mozos e mozas do contorno.

3. RELACIÓN DE MATERIAS OFERTADAS NO CENTRO E LINGUA NA QUE SE IMPARTEN

Para a ESO, a suma de horas en galego e castelán por curso e totais son as seguintes:

	1º	2º	3º	4º	TOTAL na ESO
Nº de horas en galego	9	9	10	27	55
Nº de horas en castelán	9	11	12	22	54

1ºESO

MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
Lingua Castelá e Lit.	-	-
Lingua Galega e Lit.	-	-
Primeira lingua estranxeira	-	-
Segunda lingua estranxeira	-	-
Bioloxía e Xeoloxía	4	Galego (decreto)
Ciencias Sociais, Xª e Hª	3	Galego (decreto)
Matemáticas	5	Castelán (decreto)
E. Plástica e Visual	2	Galego
Educación Física	2	Castelán
Relixión/ Valores éticos	1	Castelán
Oratoria / Obradoiro de Música / Sociedade Inclusiva	1	Castelán
<i>Total horas ofertadas en castelán: 9</i>		
<i>Total horas ofertadas en galego: 9</i>		

2ºESO

MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
Lingua Castelá e Lit.	-	-
Lingua Galega e Lit.	-	-
Primeira lingua estranxeira	-	-
Segunda lingua estranxeira	-	-
Física e Química	3	Castelán (decreto)
Ciencias Sociais, Xª e Hª	3	Galego (decreto)
Matemáticas	5	Castelán (decreto)
Tecnoloxías	3	Castelán (decreto)
Música	2	Galego
Educación Física	2	Galego
Relixión/Valores éticos	1	Galego
Igualdade de Xénero/PEVS/Investigación e Tratamento da Información	1	Galego
<i>Total horas ofertadas en castelán: 11</i>		
<i>Total horas ofertadas en galego: 9</i>		

3ºESO

MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
Lingua Castelá e Lit.	-	-
Lingua Galega e Lit.	-	-
Primeira lingua estranxeira	-	-
Segunda lingua estranxeira	-	-
Bioloxía e Xeoloxía	2	Galego (decreto)
Ciencias Sociais, Xª e Hª	3	Galego (decreto)
Matemáticas	4	Castelán (decreto)
Física e Química	2	Castelán (decreto)
Tecnoloxía	2	Castelán (decreto)
Música	2	Castelán
Cultura Clásica	2	Castelán
E. Plástica e Visual	2	Galego
Educación Física	2	Galego
Relixión / Valores éticos	1	Galego
<i>Total horas ofertadas en castelán: 12</i>		
<i>Total horas ofertadas en galego: 10</i>		

4ºESO

MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
Lingua Castelá e Lit.	-	-
Lingua Galega e Lit.	-	-
Primeira lingua estranxeira	-	-
Segunda lingua estranxeira	-	-
Xª e Hª	3	Galego (decreto)
Matemáticas Acad/Aplic	4	Castelán (decreto)
Latín	3	Galego
Bioloxía e Xeoloxía	3	Galego (decreto)
Física e Química	3	Castelán (decreto)
Economía	3	Castelán
Cienc.Aplicad.Act.Profes.	3	Galego
Iniciación Act. Emprend.	3	Castelán
Tecnoloxía	3	Castelán (decreto)
Música	3	Castelán
TICs	3	Galego
Filosofía	3	Castelán
C.Clásica	3	Galego
E. Plástica e Visual	3	Galego
C.Científica	3	Galego
Educación Física	2	Galego
Relixión/V.Éticos	1	Galego
<i>Total horas ofertadas en castelán: 22</i>		
<i>Total horas ofertadas en galego: 27</i>		

No Bacharelato, o reparto de materias e linguas queda como segue:

1º BAC

MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
MATERIAS TRONCAIS		
Filosofía	3	Galego
Matemáticas I	4	Galego
Física e Química	4	Galego
Latín	4	Castelán
Matemáticas Aplic. CCSS	4	Galego
Bioloxía e Xeoloxía	4	Galego
Debuxo Técnico I	4	Castelán
Grego I	4	Galego
Economía	4	Castelán
Literatura Universal	4	Castelán
Hª Mundo Contemporáneo	4	Castelán
<i>Total horas ofertadas en castelán: 20</i>		
<i>Total horas ofertadas en galego: 23</i>		
MATERIAS LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA DE ELECCIÓN		
Antropoloxía	2	Galego
Literaturas Hispánicas	2	Castelán
Coeducación para o Século XXI	2	Castelán
<i>Total horas ofertadas en castelán: 4</i>		
<i>Total horas ofertadas en galego: 2</i>		
MATERIAS ESPECÍFICAS		
T.I.C I	2	Galego
Relixión / Teorías éticas	1	Castelán
Cine e Sociedade	1	Galego
Linguaxe e Práctica Musical	3	Castelán
Tecnoloxía Industrial I	3	Castelán
Cultura Científica	2	Galego
Educación Física	2	Galego
<i>Total horas ofertadas en castelán: 7</i>		
<i>Total horas ofertadas en galego: 7</i>		

TOTAL HORAS EN GALEGO: 31
TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 32

2º BAC

MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
MATERIAS TRONCAIS		
Historia de España	3	Galego
Matemáticas Aplicadas II	4	Galego
Matemáticas II	4	Galego
Latín II	4	Castelán
Química	4	Castelán
Bioloxía	4	Galego
Debuxo Técnico II	4	Galego
Física	4	Castelán
Historia da Filosofía	4	Galego
Grego II	4	Castelán
Economía de empresa	4	Castelán
Xeografía	4	Galego
Xeoloxía	4	Castelán
Historia da Arte	4	Castelán
Cultura Anglosaxona /Relixión	1	-/Castelán
<i>Total horas ofertadas en castelán: 29</i>		
<i>Total horas ofertadas en galego: 27</i>		
MATERIAS ESPECÍFICAS		
TIC II	3	Galego
CC Terra e Medioamb.	3	Galego
Hª Música e Danza	3	Castelán
Tecnoloxía Industrial II	3	Castelán
<i>Total horas ofertadas en castelán: 6</i>		
<i>Total horas ofertadas en galego: 6</i>		
MATERIAS LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA		
Xª e Hª de Galicia	2	Galego
Ética e Filosofía do Dereito	2	Castelán
Métodos Estatísticos e Num	2	Galego
<i>Total horas ofertadas en castelán: 2</i>		
<i>Total horas ofertadas en galego: 4</i>		

TOTAL HORAS EN GALEGO: 37
TOTAL HORAS EN CASTELÁN: 37

4. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO ESCOLAR E EDUCATIVO

No Decreto 79/2010, do 20 de maio – e ratificado pola orden do 10 de febreiro de 2014, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, no artigo 18 recolle a exención da cualificación das probas de lingua galega. Cando se nos presenten alumnado con estas características actuaremos da seguinte maneira, conforme a lei.

1º. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.

2º. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

3º. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as da clase.

4º. O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a , a revogación da exención.

5º. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atopa.

6º. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

OBXECTIVOS

O IES Enrique Muruais, nestes casos, contempla as seguintes medidas para alumnado estranxeiro que procede dun país que non ten como lingua oficial o castelán, ou para aquel alumnado que provén dun país estranxeiro onde se fala castelán ou doutras comunidades autónomas españolas onde outra lingua vernácula é cooficial co castelán:

- Dotar ao alumnado da competencia lingüística básica en galego e castelán, de xeito que poida interaccionar coa comunidade educativa social na que se inscribe o alumno.
- Realizar actividades de desenvolvemento de hábitos escolares e de habilidades sociais básicas co obxecto de favorecer a súa integración.
- Introducir o coñecemento do medio natural e social, facendo énfase nos aspectos sociais e culturais de Galicia e España.
- Introducir o coñecemento das novas tecnobxías como ferramenta fundamental.
- Traballar e reforzar, na medida na que se alcancen os obxectivos anteriores, un vocabulario básico das áreas instrumentais que lle permita ao alumnado acceder ás materias curriculares o máis rápido que sexa posible.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

Partindo sempre dun enfoque comunicativo, comezarase reforzando as función lingüísticas máis usuais, que irán encamiñadas á adquisición dun vocabulario sinxelo e “de supervivencia”, que posibilite desde o primeiro momento que o alumno sexa capaz de responder ás situación comunicativas que se dean na aula.

Comezaremos con frases curtas que consistan en oracións simples e palabras sinxelas co obxectivo de seguir máis tarde coas oracións compostas máis complexas.

Cando teñamos conseguido que o alumno adquira unha competencia comunicativa básica, comezaremos a traballar o vocabulario de acceso ao currículo.

O Departamento de Lingua Galega proporcionaralle a este alumnado material específico para conseguir que adquira a competencia lingüística necesaria.

Como medidas adoptadas de carácter xeral para todo aquel alumnado que non teña suficiente dominio das linguas, tendo sempre presente a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade ao alumnado :

- Reforzo educativo (profesor da materia)
- Exención de Francés e reforzo lingüístico (1º e 2º ESO)
- Agrupamentos específicos (1º, 2º e 3º ESO)
- Adaptacións curriculares significativas.

TEMPORALIZACIÓN

Depende de moitas cuestións: entrada do alumno ao centro, capacidade para a inmersión, actitude...

Supoñendo que partísemos dun alumno/a dende o comezo do curso, levarase a cabo este programa ata que remate o primeiro trimestre, no que se avaliará se é necesario continuar con estas medidas. Cando menos, intentarase a incorporación do alumno/a ao grupo ordinario en todas aquelas materias nas que sexa posible.

AVALIACIÓN DO PROGRAMA

Con independencia das sesión de avaliación ordinarias do grupo de referencia do alumno/a, desde o Departamento de Orientación, levarase a cabo o seguimento deste programa en colaboración co profesorado que leva a cabo a inmersión lingüística e a integración do alumno/a xunto co que imparte as áreas nas que permanece co grupo ordinario. Para iso manterán sesión periódicas de coordinación e seguimento ou avaliación do programa, de xeito que se poidan ir facendo os axustes oportunos.

Valorarase a adecuación da medida e a evolución do alumno/a e decidirse a modificación ou non do mesmo e a incorporación progresiva ao resto das áreas.

5. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

O Plan de Fomento da Lingua Galega do IES Enrique Muruais considera como obxectivos fundamentais:

- Fomentar o uso da lingua galega como lingua oficial do centro, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos, tanto no uso interno coma no externo.
- Garantir os dereitos lingüísticos dos galegofalantes no seo da nosa comunidade educativa, nomeadamente no caso do alumnado.
- Eliminar os prexuízos lingüísticos en todos os ámbitos e en toda a comunidade escolar a través da sensibilización idiomática e a análise crítica dos prexuízos existentes sobre a lingua.
- Consolidar o galego como lingua habitual dos grupos xa instalados no idioma e procurar avances nos individuos bilingües ou monolingües.

- Fomentar entre os pais e nas nais do noso alumnado o uso do galego cos seus fillos valorizando o seu papel como transmisores fundamentais da lingua.
- Mellorar as destrezas lingüísticas do alumnado e do profesorado e que este maior dominio repercuta de forma efectiva no uso habitual da lingua.
- Reforzar a dimensión comunicativa e instrumental do galego en relación con usos artísticos e comunicativos, ligando o seu uso aos modos de vida máis actuais e aos usos lúdicos da lingua.
- Difundir a lexislación actual e facilitar información legal en materia lingüística aos diferentes membros da comunidade educativa.
- Implicar o maior número de alumnado nas actividades
- Fomentar os valores funcionais, identitarios e diferenciais do idioma.
- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.

6. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

As medidas establecidas para levar adiante os obxectivos previstos serán as que se establecen a continuación. Primeiramente establecemos dúas liñas xerais que van orientar esas actuacións:

- O deseño de acción normalizadoras dirixidas a toda a comunidade educativa e ao contorno do centro.
- O deseño de acción encamiñados á sensibilización no uso do galego que detecten, neutralicen e muden as actitudes lingüísticas negativas cara ao galego por parte de calquera membro da comunidade educativa.

1- Aspectos visuais e documentais do centro.

-A rotulación externa e interna do centro, os horarios, os taboleiros de anuncios, a páxina web do centro, os carteis, fanse en lingua galega.

-Os documentos oficiais escritos tales como arquivos, comunicacións, convocatorias, avisos, certificados, actas de reunións, oficios, regulamentos, follas informativas e a documentación interna do centro están en

galego.

-A lingua da comunicación oral nos claustros, reunións de traballo, comisións, etc. é, en xeral, o galego.

-No noso instituto favorécese unha actitude de integración e de valoración da nosa lingua e cultura a través da rotulación, os símbolos e adornos dentro da clase, o taboleiro de anuncios, os murais, calendarios, horarios e carteis.

2- Emprego do galego nos usos cotiáns

-A lingua da comunicación oral nos claustros, reunións de traballo, comisións, etc. é, en xeral, o galego.

- Emprégase o galego nas actividades extraescolares.

-Uso da lingua galega en todos os actos que organice o centro ou que dependan deste: reunións de pais, actos culturais, información ao público, intervención nos medios de comunicación, actuacións teatrais e musicais.

No noso centro a actuación dos docentes desenvólvese en galego en todas aquelas materias que indica a normativa, e nunha porcentaxe importante daquelas en que non está prescrito.

3- Actividades para o fomento do uso do galego

- A existencia do EDL que serve de vehículo dinamizador.
- Elaboración de carteis e programas en galego.
- Toponimia. Estudo da orixe dos lugares máis común da zona.
- Conferencias con motivo das distintas conmemoracións anuais.
- Na celebración do Día das Letras Galegas, conseguir unha aproximación á importancia da figura elixida cada ano para o desenvolvemento da cultura galega.
- Concursos de postais, de carteis e ilustracións de poemas para unha achega máis amena da poesía en galego.
- Fomentar actitudes positivas cara ó galego entre os alumnos co obxectivo de evitar que abandonen o seu uso oral no rexistro coloquial cando saen do seu contorno próximo e afiancen o seu uso culto, tanto oral coma escrito.
- Fomentar o recoñecemento entre o alumnado do súa propia variedade dialectal como unha forma completamente válida do galego.
- Promover entre o alumnado o gusto polos contos e convertelos en contacontos.
- Organizar sesións de contacontos para promover o uso oral do galego.

- Realizar viaxes culturais a lugares relacionados coa literatura, etnografía e cultura galegas.
- Participar en todos aqueles acontecementos que teñan como finalidade a promoción do galego.
- Organizar concursos de carteis de animación á lectura e actividades que fomenten esta práctica.
- Organizar competicións de xogos populares en combinación co Departamento de Educación Física.
- Organizar eventos musicais relacionados coa música tradicional galega.
- Participar na programación e realización de festas populares: magosto, Samaín, Entroido, maíos, etc.
- Celebrar concursos de tipo etnográfico que premien os mellores traballos de investigación sobre oficios tradicionais, construcións típicas, o Entroido na comarca ou sobre outros costumes ancestrais valorando o uso do galego na súa expresión oral e escrita.
- Recollida de lendas, curiosidades e contos transmitidos oralmente e que forman parte da nosa tradición valorando a importancia da lingua galega como vehículo de transmisión.
- Asistencia a representacións teatrais ou a proxeccións cinematográficas que se consideran interesantes.
- Promover a práctica do teatro.
- Intercambios con outros centros educativos de zonas diferentes á nosa para comprobar as diferentes variedades do galego e tamén a vitalidade da nosa lingua na zona.
- Colaboración coa páxina web do instituto para dar a coñecer o noso labor e potenciar as actividades.
- Divulgar as novas que supoñan un avance cara á normalización do galego.
- Utilización de mecanismos como a lectura e o comentario dun texto pertinente, o debate aberto sobre aspectos relativos a un tema ou a unha proxección de vídeos.
- Actividades de mellora da competencia da expresión oral elaborando discursos, exposicións e debates na aula.
- Actividades de mellora da competencia escrita: redaccións de distintos tipos de textos,
- Traballo particular no dominio da coherencia e a cohesión textual mediante producións de texto
- Traballo sobre as interferencias lingüísticas entre o galego e o castelán para diferenciar as formas e os usos correctos en cada unha das dúas linguas oficiais.
- Traballo con textos (lectura comprensiva, observación e anotación, análise, comentario) e, no estudo gramatical, traballo con enunciados sinxelos pero debidamente contextualizados.

As anteriores liñas de actuación, teñen como finalidade acadarmos o obxectivo xeral establecido na LNL e na LOMLOE, no relativo ao plurilingüismo: acadar por parte do alumnado das diferentes etapas, unha boa competencia nas dúas linguas, galego e castelán.

4- Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior

As actividades para o fomento da lingua galega son levadas a cabo polo EDL, coa axuda do equipo directivo e o resto do profesorado do centro.

Para a valoración destas actividades terase en conta a memoria anual de cada curso escolar.

